

O día 22 de xuño, último día do curso escola 21/22. Comunicouse ao CEIP Xunqueira N2 a supresión dunha aula de infantil e o impedimento de desdobrar unha segunda (que dende Educación permitían nos últimos anos) pola falta de persoal que se produce ao cambiar unha mestra de infantil a primaria.

Isto xenera varias situacións que afectan directamente á calidade educativa e á evolución persoal de cada unha das nenas e nenos de 4 e 5 anos que van ver, cómo a relación que tiñan coa súa persoa de confianza educativa (a docente) e na que as familias tamén depositaran a súa confianza, será sesgada e mudada por completo por unha decisión político/económica dende inspección de educación.

Dous grupos de cativos veranse afectados, o caso mais flagrante, é a eliminación da aula e desprazamento da docente con praza definitiva no centro, que estivo cos nenos que iniciaron a súa etapa educativa e que os acompañaría durante todo o ciclo de infantil, co beneficio que iso reporta para a creación dun vínculo de confianza que fortalece o futuro educativo e persoal de cada unha das nenas e nenos.

Por todo isto, é despreziable a posición de Educación que só ve números en vez de futuras persoas en proceso de formación e de seguro que non fará nunca unha análise de cantos estudantes se torceron despois de sufrir cambios de docente ao longo da súa etapa educativa. A Educación de calidade non poden ser números, son nenas e nenos a partir de 4 anos que temos que coidar e asegurar unha etapa educativa sen vaivenes nin cambios drásticos.

SOLICITAMOS:

Que sexa reincorporada ao CEIP Xunqueira N2 a profesora que foi desprazada da súa ubicación definitiva e poida rematar o ciclo que comezou coas nenas e nenos de 4 anos, ademais de persoal de apoio para desdobrar a aula que ata o de agora se viña desdobrando para asegurar a correcta evolución tanto persoal como educativa das nenas e nenos.